



Consello de Galiza

Buenos Aires, 18 de abril de 1969.-

Sr.
Delegado do Consello de Galiza
D. Xavier Alvajar
17 Quia aus Fleures
PARIS

Benquerido amigo:

Apenas saído a documentación pra Dinamarca e carta pra vostede dando conta do feito e autorización pra que nos represente ante o organismo que agrupa os diferentes pobos diferenciados europeos, chegou o seu informe do 7 de abril. Onte foi léido na reunión do CONSELLO DE GALIZA, que o fixo de urxencia, por estimar que o devandito informe debía de ser tratado pra seguir unha liña coherente de plás, dacordo con vostede con vistas a facer mais fonda a gravitación dos galegos en calisquer búsqueda de solucións o probrema político de Hespaña. Paso a responder o seu inquérito:

RELACIONES CON VASCOS E CATALANS: Iniciaranse de inmediato contaiños en Buenos Aires, cos representantes de vascos e cataláns os fins de unha acción común frente o probrema político hespañol, tendo en conta a similitude de situacións que ditos pobos teñen. Resolveuse pregarlle que vostede tamén faga en París canto poida pois é o noso propósito que nos envíe informes sobre como verían unha reunión conxunta dun representante noso con os señores Tarradellas e Leizaola os devanditos señores. E decir convén sondear a posibilidade de facer esa reunión a que ~~nós mesmos~~ invitaríamos a facer previo coñecimento de aceptación por vascos e cataláns. Non queremos dar pasos en falso. Por de pronto vaise a escribir a Tarradellas felicitandoo polo seu mensaxe os seus compatriotas do interior. E un comenzo de contaitos. Pregamos mandar a dirección de Leizaola os efectos de facerlle chegar un mensaxe persoal do Sr. Antón Alonso Ríos falando un pouco por enriba do probrema.- As delegacións do Consello en Caracas, Montevideo e México, reciben instruccións de empezar os contaitos cos representantes vascos e cataláns das súas xurisdicións.

PARTICIPACION DO VATICANO NA SOLUCION HESPAÑOLA: Interesa moito canto poida informar sobor de este asunto e sobor, tamén, da crisis do P.S.O.E.. Non debe esquecer que en Galicia aitúa un grupo político socialista que non responde a dito partido. Si pode facernos chegar algunha información de tipo persoal sobor de que vencello teñen os socialistas galegos



Consello de Galiza

2

e moi interesante pra unha ubicación realista da nosa parte en relación a ese proceso e tamén si na postura do Vaticano se contempla a situación das zonas autonómicas hespañolas.-

En este intre chegar as nosas mans a súa carta relativa o Congreso da U.F.E. E E, a facerse en Colmar o 15 de Maio. Como verá mandamos a súa credencial con premitude de dereitos, incluso pra firmar credenciales a outros delegados pois pensamos que Antonio Alvarez, que espera estar en París o 15 de dito mes, si poidera adiantar a chegada podía acompañalo. E mester estar en Colmar en nome de Galicia. Nós vamos a mandarlle nos primeiros días de mayo outros 200 Frs. e, si non chegan, procuraremos compensalo dos gastos que poida ter. Pro en Colmar hai que estar. Si lle permiten falar, procure facelo, non deixe de levar un bó guión, ou discursos xa feito, cúa copia queremos mande pra metelo impreso na Terra. Toque forte o tema da carencia de libertade. Non faga eisclusivismo político e fale a nome de todos os galegos asoballados e magoados nos seus dereitos esenciaes. !Queremos ese discrusos pra publicar.

DELEGAOS O CONSELLO FEDERAL HESPAÑOL: Rogámoslle incorpore algún irmán o Consello Federal pois e importante compretar a representación. Non importa que aínda non sexa home fogueado. Teña xeito e elixa con certo criterio e prudencia. Decímoslle esto por canto Albornoz na cea do 14 de Abril somentes falou de vascos e cataláns, merescendo a réplica irada de D. Antón Alonso Ríos o non mencioar os galegos. D. Claudio dixo que na súa estada en París non había tido contaitos con xente da nosa Terra que estivera traballando de firme e "que si bñ coñecía a Alvjar tiña que admitir unha organdade total no noso grupo." E craro que o Sr. Albornoz non sabe que o noso lugar pra loitar e América, e dela, os sitios onde están os emigrados galegos. Dentro deles impedimos que o franquismo cope as coleitividades e dende eiquí podemos seguir facendo axuda a Galicia a traveso de colaboracións os presos, editando xornaes e libros, mantendo quente o sentimento autonómico. ? Que poderíamos facer en París sin fronteira comun con Galicia?. Pois o que facemos. Ter unha delegación que sexa un fito xunto os demais eisiliados. Pro pense que os nosos políticos non se quedaron en Francia, viñeron a loitar en morrer a carón dos seus irmans. Por eso lle pregamos integre cun patriota mais a súa representación. Tén facultades amprias pra eso.

Esperamos confirmación do xiro de abril. Namentras reciba o noso saúdo

Mu abrazo
J. Fernandez



Consello de Galiza

C R E D E N C I A L

El portador de la presente credencial, señor Xavier Alvajar, Delegado del CONSELLO DE GALIZA en París, con representación en Francia, ha sido nombrado representante nuestro, ante las autoridades dle Congreso a realizarse en Colmar, Alsacia, los días 15, 16, 17 y 18 del mes de Mayo de 1969, por la UNION FEDERALISTA DE LAS COMUNIDADES ETNICAS EUROPEAS, con poderes generales para completar la representación con las personas que considere conveniente y autorización para firmar las credenciales respectivas.

En tal caracter rogamos se le reconozca y preste colaboración

Dada en Buenos Aires, Capital de la República Argentina, el día 18 de Abril de 1969. - - - - -

Por o CONSELLO DE GALIZA

Valentín Fernández

Secretario de Gobierno